

## ELECCIÓN DE REPRESENTANTE DE ALUMNOS/AS AO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2021, da Dirección Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións dos membros dos consellos escolares dos centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 29), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE ALUMNO/AS**

Son electores todos/as os/as alumnos/as matriculados/as no Centro e incluídos/as no Censo correspondente que a partir do día 8 de novembro está exposto no taboleiro de anuncios da Escola. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata o 15 de novembro, ás 14'00 horas.

Son elixibles os/as alumnos/as, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría da EOI de Pontevedra. Ditos formularios -unha vez cubertos- serán entregados na Secretaría da Escola onde se lles dará rexistro de entrada. As candidaturas poderán ser presentadas dende o 9 de novembro, ata as 14'00 horas do día 16 de novembro.

A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas que se poidan formular.

Pontevedra, 8 de novembro de 2021

O DIRECTOR DO CENTRO E PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL



ASDO: .....

